

Expediente IET: P-21-117
Proxecto: Parque eólico Troitomil
Concello: A Baña e Negreira (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 28/12/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Troitomil.

1. Antecedentes:

Con data do 19/04/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) do proxecto debía axustarse ao disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (R-LPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do R-LPPG.

3. Informe:

Como xa se tiña indicado no anterior informe, os principais impactos sobre a paisaxe derivan da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación, o que sumado ás dimensións que acadan as infraestruturas nestas zonas elevadas e aos efectos acumulativos dos outros parques, autorizados, en funcionamento ou en tramitación, provoca unha alta incidencia visual na contorna. Ademais, o parque terá incidencia visual sobre o miradoiro de Santa



Mariña e o Camiño de Santiago (Camiño Fisterra-Muxía), que discorre próximo aos aeroxeradores máis meridionais.

A documentación achegada pola empresa promotora constitúe a actualización do EIIP para se axustar ao disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008.

Á vista das emendas introducidas no EIIP, pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, dando resposta ademais ás consideracións efectuadas no informe do IET do 19/04/2021.

Lémbrese que, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

